

RESOLUCIÓN

ASUNTO: AMPLIACIÓN HORARIO ESTABLECEMENTOS DURANTE AS FESTAS DE SAN MARCOS

EXPEDIENTE: 2023/G003/000231

ANTECEDENTES:

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, establece no artigo 4.c) que lle corresponde á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas determinar o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Así mesmo, dispón no artigo 5.f) que lles corresponde aos concellos autorizar as ampliacións ou reducións sobre o horario xeral, atendendo aos criterios, os supostos e as circunstancias que, de ser o caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17 da Lei.

A Orde da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, dispón no seu artigo 9.1 que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das **festas e verbenas populares**, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

No artigo 9.4 da Orde do 23 de outubro de 2020 sinalase que as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Considerando a vontade deste Concello de apoiar o sector hostaleiro municipal, nomeadamente os establecementos de restauración e de ocio e entretemento, e a actividade das festas e verbenas populares que dinamizan económica e socialmente a vida municipal, así como o interese en favorecer o movemento asociativo, que fai posible a celebración de moitos destes eventos, o cal se debe compatibilizar coa aplicación das normas en materia de contaminación acústica ou outras disposicións legais e, así mesmo, cos dereitos de terceiras persoas e co óptimo funcionamento dos servizos públicos.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Ampliar en dúas horas o horario de peche ordinario dos establecementos abertos ao público do termo municipal de Corcubión así como a finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas durante a celebración das Festas de San Marcos, a noite do día 22 ao 23 de abril de 2023

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia para coñecemento xeral.

Acorda e asina dixitalmente o Alcalde Manuel Insua Insua en Corcubión, na data que consta á marxe, do que, eu Irene Suárez López, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 do 16 de marzo).